

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Persoal bolseiro da Oficina de Medio Ambiente

Curso 2015 - 16

- **Redacción:**

Víctor A. Amado Cartelle
Irene de Diego Tamayo
Marta Fernández Fernández
Henar Lorenzo Serrano
Ana Isabel Mañán Rivadulla
Estela Naveira Fandiño
Diego Souto Couceiro
Elena Varela Molina
Lara Vázquez González
Sandra Yáñez Torrente

- **Coordinación:**

Verónica Torrijos, Asociación Ecoloxista ADEGA.

- **Dirección:**

Manuel Soto Castiñeira, Director da Oficina de
Medio Ambiente da UDC.

- **Deseño e maquetación:**

Elena Varela Molina

- **Edita:**

Oficina de Medio Ambiente, Vicerreitoría de
Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade.
Universidade da Coruña.

ÍNDICE

0. Coordinación e responsabilidades.

A Oficina de Medio Ambiente (OMA)
Colaboración ADEGA-OMA
Organización do persoal bolseiro.

1. Divulgación: OMA nas redes.

2. Monte da Fraga.

Presentación aos premios de voluntariado universitario.
Roteiro polo Monte da Fraga.
Poda participativa polo Monte da Fraga.
Celebración do X aniversario do Monte da Fraga.
Exposición sobre especies exóticas invasoras (EEI).
Roteiro: 10 anos polo Monte da Fraga.
Picnic e música.
Eliminación de especies exóticas invasoras (EEI).

3. Xestión de residuos.

Curso de formación do persoal bolseiro.
Curso de compostaxe e creación de horta urbana.
Caracterización de residuos.

4. Mobilidade sustentable.

Servizo de préstamo de bicicletas.
Curso sobre ergonomía e mantemento da bicicleta.
Obradoiro de uso da bici na cidade.

5. Campañas de aforro.

Campaña de aforro de auga.
Campaña de aforro de enerxía.
Campaña de aforro de papel.

6. Proxecto Ríos.

7. Actividades do curso 2015/16.

Exposición itinerante "A Pegada Ecolóxica e Mobilidade".
Enquisa sobre o impacto ambiental na UDC.
Encontro de educación ambiental con Mar de Mares.
VI Xornada de sustentabilidade no Nadal.
Aves e vidros. Unha visión local dun problema global.
Xornada de bioconstrución.
Campaña de recollida de alimentos.
Exposición sobre especies exóticas invasoras (EEI).
Obradoiro de construción dun fornos solar.
VI Encontro solar da UDC.
Colaboración coa campaña *Móllate!* por un San Xoan sustentable.

8. Avaliación das actividades. OMA na prensa.

9. Voluntariado ambiental.

10. Green Campus.



O curso 2015/16 na Oficina de Medio Ambiente estivo formado por un grupo multidisciplinar de estudantes con enerxías renovadas, procedentes de diferentes centros da UDC. O persoal bolseiro da OMA formárono estudantes de Química, Bioloxía, Enxeñaría de Camiños, Arquitectura, Arquitectura Técnica e Terapia Ocupacional, todos eles acollidos ao programa Greencampus, e que achegaron a súa perspectiva da problemática medioambiental e traballaron en mellorar os Campus da UDC en ámbitos como o aforro enerxético, a mobilidade sustentable, a xestión de residuos, a conservación de biodiversidade, entre outras actividades que se detallan na presente Memoria, mediante diversas actividades formativas, obradoiros e saídas de campo.

Grazas a isto, cada curso académico conséguese que os Campus da UDC sexan un pouco mellores ambientalmente.

O seguinte calendario académico recolle o resumo das diferentes actuacións levadas a cabo:

O calendario final de actividades do persoal bolseiro da OMA durante o curso 2015-2016 foi o seguinte.

CURSO 2015-16
Obradoiros
Exposicións
Exames

OUTUBRO					NOVEMBRO							DECEMBRO				
L	M	Mé	X	V	L	M	Mé	X	V	S	L	M	Mé	X	V	
			1	2								1	2	3	4	
5	6	7	8	9	2	3	4	5	6	7	7	8	9	10	11	
12	13	14	15	16	9	10	11	12	13	14	14	15	16	17	18	
19	20	21	22	23	16	17	18	19	20	21	21	22	23	24	25	
26	27	28	29	30	23	24	25	26	27	28	28	29	30	31		
					30											
XANEIRO					FEBREIRO						MARZO					
L	M	Mé	X	V	L	M	Mé	X	V	L	M	Mé	X	V		
				1	1	2	3	4	5		1	2	3	4		
4	5	6	7	8	8	9	10	11	12	7	8	9	10	11		
11	12	13	14	15	15	16	17	18	19	14	15	16	17	18		
18	19	20	21	22	22	23	24	25	26	21	22	23	24	25		
25	26	27	28	29	29					28	29	30	31			
ABRIL					MAIO					XUÑO						
L	M	Mé	X	V	L	M	Mé	X	V	L	M	Mé	X	V		
				1								1	2	3		
4	5	6	7	8	2	3	4	5	6	6	7	8	9	10		
11	12	13	14	15	9	10	11	12	13	13	14	15	16	17		
18	19	20	21	22	16	17	18	19	20	20	21	22	23	24		
25	26	27	28	29	23	24	25	26	27	27	28	29	30			
					30	31										

0. COORDINACIÓN E RESPONSABILIDADES

- **A oficina de Medio Ambiente (OMA).** A Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC) está situada no Edificio Xoana Capdevielle, na Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas. A súa función é a de participar na coordinación e realización de diferentes actuacións de tipo ambiental na UDC. Desta forma, os obxectivos e funcións da OMA teñen que ver con dous campos prioritarios, como son a xestión ambiental xeral e a sensibilización e participación da comunidade universitaria nas cuestións relacionadas co medio ambiente.

Así, as actuacións poden encadrarse nos seguintes eidos:

- a. Avaliación, información e divulgación ambiental nos campus da Universidade da Coruña.
- b. Participación e corresponsabilidade ambiental.
- c. Proxectos sectoriais concretos relacionados coa xestión e a sustentabilidade ambiental.

- **Colaboración ADEGA-OMA.** ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica da Galiza) é unha asociación ecoloxista con ampla experiencia en proxectos de sensibilización e educación ambiental. Neste curso continuouse coa colaboración entre ADEGA e a OMA para organizar ao persoal bolseiro e as súas actividades e campañas realizadas, así como actividades desenvolvidas pola propia organización na UDC. Máis información de ADEGA en www.adega.gal.

- **Organización do persoal bolseiro.** A coordinación entre ADEGA e o persoal bolseiro da OMA mantense con un ritmo constante durante todo o curso académico. O día 15 de outubro tivo lugar o curso de formación na Facultade de Ciencias, onde se explicaron varios puntos chave de organización a seguir no curso:

Reparto de tarefas. Neste curso académico a OMA contou con nove persoas bolseiras procedentes de diferentes titulacións do campus de Elviña, Zapateira e Oza. Ademais da organización de actividades concretas nas que se involucra todo o grupo, a cada persoa bolseira, se lle encomenda unha tarefa específica que continúa durante todo o curso. Estas tarefas continuas son as seguintes:

- **Divulgación.** Xestión do correo electrónico, listaxes de anotados a actividades e avaliación de enquisas. Xestión do blog, facebook e twitter da OMA.
- **Compostaxe.** Mantemento das áreas de Filoloxía, EUAT, CC. Educación e Oza.
- **Biodiversidade.** Mantemento e xestión do Monte da Fraga.
- **Green Campus.** Tarefas asociadas a campañas de aforro de auga e enerxía.

- **Xuntanzas semanais.** As persoas bolseiras expoñen o estado das súas tarefas e a persoa encargada de ADEGA asesóraos e actualízalos con novas tarefas. Este curso as reunións fixéronse os luns, na sala de xuntas do edificio Xoana Capdevielle.
- **Grupo en Facebook.** Para o avance das actividades e para estar todo o grupo en contacto e coordinado no día a día, creouse un grupo pechado con só acceso ao persoal bolseiro do presente curso, onde intercambiamos artigos, notas de prensa, crónicas, fotografías das actividades da OMA, entre outros.

1. DIVULGACIÓN: OMA NAS REDES

Ao longo do curso 2015/2016, dende a OMA quixemos continuar co proxecto posto en marcha anos atrás para que esta oficina tivese un espazo propio na internet, máis alá da páxina oficial da Universidade da Coruña (UDC), dende a que ofrecer información tanto acerca de temas ambientais como sobre as súas propias actividades e as actividades doutras organizacións e institucións dedicadas ao coidado do medio, sen esquecer facernos eco das novas máis relevantes da UDC, e lograr impulsar e dar a coñecer a toda a comunidade a labor realizada pola Oficina e a súa importancia, para de esta forma lograr pouco a pouco unha maior implicación por parte de todos e todas no coidado e preservación do medioambiente.

Para cumprir con estes obxectivos empregáronse as seguintes ferramentas:

- Blog da Oficina de Medio Ambiente da UDC
www.medioambienteudc.blogspot.com.es
- Facebook Páxina: "Oficina de Medio Ambiente UDC"
- Twitter: @OMA_UDC

As redes sociais son unha ferramenta fundamental para a promoción de actividades, en especial tendo en conta ao público obxectivo. Na actualidade as redes sociais están presentes na meirande parte (por non dicir en toda) do entorno universitario, especialmente no estudiantado, pero tamén en persoal traballador.



Os resultados de visitas e seguidores/as das redes sociais da OMA son as que se amosan na seguinte táboa:

	Usuarios/as	O máis visto
 Facebook	962 (739)	Xornada de bioconstrución: 5264 persoas alcanzadas
 Twitter	492 (488)	
 Blog da OMA	40871 (28679)	1253 visitas

() Entre paréntese: usuarios/as do curso 2014-15.

O esforzo levado a cabo desde a OMA para actualizar os contidos e promover as actividades organizadas nestas redes sociais, deron os seus froitos cun aumento de usuarios do 130% (Facebook) e 143% (Blog) con respecto ao curso 2014-15, e manténdose cun lixeiro aumento de usuarios no Twitter.

Estes datos constatan como este curso, grazas a un maior esforzo na divulgación da OMA, tivo lugar un aumento das visitas, de xeito que puido ser posible facer chegar a información sobre as actividades e dar a coñecer a labor realizada desde a Oficina de Medio Ambiente a un maior número de persoas, con respecto a outros anos.

En Facebook e Twitter transmitimos a información de forma sintetizada sobre as actividades que se van realizar e créanse álbums de fotos sobre as actividades xa realizadas para que estean a disposición dos/as participantes. Ademais estas redes actualízanse con diferentes novas relevantes en relación co medio natural. No Blog a información é máis detallada, e recolle exclusivamente actividades desenvolvidas pola OMA.

Ademais destas ferramentas, a través dos diferentes correos electrónicos da Oficina (oma@udc.es; oma2@udc.es; oma3@udc.es), dedicámonos a xestionar as diferentes actividades proxectadas, transmitimos a toda a comunidade universitaria a información sobre as actividades e os requisitos para participar nelas, e poñémonos en contacto con diferentes institucións e organizacións sociais e ambientais.

2. MONTE DA FRAGA

O Monte da Fraga é un espazo natural situado entre as facultades de Ciencias e Filoloxía no campus da Zapateira (Universidade da Coruña), a uns 170 m de altitude s.n.m.

A historia deste monte comezou no curso 2005-06, cando se decidiu talar o eucalipto que cubría a zona e substituílo por una fraga tradicional de especies autóctonas, cun dobre obxectivo: tanto medioambiental como educativo.

No presente curso 2015-16 cumpríronse 10 anos de esta iniciativa, motivo para celebrar o X Aniversario. Durante estes 10 anos leváronse a cabo diversas actuacións para o coidado do monte e a súa biodiversidade e para a educación ambiental in situ.

O resultado é que na actualidade o Monte da Fraga xa non é un monocultivo de eucalipto e a súa biodiversidade multiplicouse de forma exponencial. Agora no monte podemos atopar unha ampla variedade de especies de árbores autóctonas, como carballos, castiñeiros, ameneiros, bidueiros..., unha charca construída na que viven rás e libélulas, as árbores están

clasificadas con códigos QR (que se poden consultar na base de datos creada pola OMA na seguinte ligazón:

<https://basededatosmontedafraga.wordpress.com>,

e conta con sendeiros cos que pasear escoitando a diversidade de aves que tamén segue a aumentar.

Este proxecto está coordinado pola profesora de botánica Elvira Sahuquillo, da Facultade de Ciencias, asesorando á persoa bolseira en cuestións de biodiversidade, inventariando especies exóticas invasoras e tamén especies arbóreas autóctonas, facendo mantemento de sendeiros e en definitiva, facendo o seguimento do estado do monte.



Entre estas actividades de seguimento, destácanse as seguintes:

- Mantemento os camiños abertos e accesibles, o que é fundamental para converter o Monte da Fraga nun lugar accesible e que se poida visitar.
- Control do estado fitosanitario e do calendario fenolóxico das diferentes especies (observación dos seus estados vexetativos, de floración e frutificación), no que xa se viña traballando dende anos atrás.
- Inventariado de exóticas invasoras: identificáronse e localizáronse a maior parte das especies invasoras do monte.
- Inventariado da zona F do monte: identificáronse especies herbáceas que cobren esta área do monte, e observouse a súa abundancia e organización e sinaláronse aquelas de maior interese para a súa conservación.
- Contribución ao etiquetado con códigos QR das especies: durante este ano avanzouse pouco a este respecto debido á falta de persoal bolseiro e á cantidade elevada de traballo noutras áreas.

- Propostas para o seguinte curso: realizáronse una serie de propostas para o curso 2016-17, entre as que figuran a colocación de bancos nos sendeiros, e a realización dun mapa con rutas autoguiadas polo monte.

2.1. PRESENTACIÓN AOS PREMIOS DE VOLUNTARIADO UNIVERSITARIO

A Fundación Mutua Madrileña lanzou neste curso 2015-16 a convocatoria aos III Premios ao Voluntariado Universitario, nos que a OMA e ADEGA participaron presentando o proxecto de “Reforestación participativa no Monte da Fraga”. No proxecto ensinouse a labor que se estivo facendo no monte durante estes últimos 10 anos coa activa participación do voluntariado, co obxectivo de recuperar e conservar a biodiversidade deste espazo natural mediante a eliminación de plantas exóticas invasoras, reforestación con especies de árbores autóctonas, plantación de aromáticas, e creación de espazos dedicados á recuperación da fauna.

Houbo máis de 100 participantes neste concurso. O proxecto da OMA non foi premiado, pero a participación supuxo unha maior visibilidade máis aló da UDC, o cal motiva a seguir traballando para transmitir concienciación e sensibilidade ambiental á sociedade.

O vídeo elaborado para o concurso pode observarse na seguinte ligazón:

<https://www.youtube.com/watch?v=PLFpcQvtUhw>



2.2. ROTEIRO POLO MONTE DA FRAGA

Data: 10 de novembro.

Realizouse un roteiro polo monte guiado pola Dra. Elvira Sahuquillo, profesora de Botánica da UDC e coordinadora do proxecto do Monte da Fraga. O obxectivo foi unha primeira aproximación no presente curso a este espazo forestal, e observar o estado actual, despois das actuacións ambientais de restauración do monte ao longo de 10 anos.

O roteiro foi moi participativo, tivemos ocasión de facer a identificación de especies vexetais, e tamén visitamos a Charca construída no curso 2013-14, na que atopamos pequenas rás que foron introducidas desde o departamento de Bioloxía Animal habitando entre os xuncos.



2.3. PODA PARTICIPATIVA POLO MONTE DA FRAGA

Data: 22 de febreiro.

Esta xornada foi impartida polo Dr. Javier Cremades, profesor de Botánica da UDC, que comezou dando unha charla introdutoria sobre a poda no salón de actos da facultade de Ciencias para, posteriormente, saír ao Monte da Fraga e poñer en práctica o aprendido: nunha parcela podáronse carballos e castiñeiros para darlles forza no seu crecemento, e noutra parcela fíxose titorización de cerdeiras e carballos plantados o curso pasado. Aproveitouse a ocasión para fertilizar o terreo nas áreas dos alcorques das árbores, engadindo compost procedente da área de compostaxe de Filoloxía.



2.4. CELEBRACIÓN DO X ANIVERSARIO DO MONTE DA FRAGA

Data: 28 de abril.

Desde o ano 2006 estase a recuperar a fraga tradicional do lugar, no Monte da Fraga agora crecen máis dunha ducia de especies autóctonas dos nosos bosques.

Dado que é unha ocasión especial de celebración, dedicamos mañá e tarde a facer actividades arredor deste espazo:



2.4.1 Exposición sobre especies exóticas invasoras (EEI)

Elaborada polo grupo de Bioloxía Costeira da UDC (BIOCOST), a apertura e presentación foi a cargo de Sergio Roiloa, profesor de Ecoloxía da UDC. A exposición mantívose toda a xornada na Praza da Fraga para visita libre.

2.4.2 Roteiro: 10 anos polo Monte da Fraga. A segunda edición deste roteiro, tamén a cargo da profesora Elvira Sahuquillo, agora na primavera, permitiunos observar o contraste co outono, e coñecemos máis en profundidade a historia dos 10 anos deste territorio.

2.4.3 Picnic e música. A OMA e ADEGA, xunto cos participantes voluntarios, fixemos unha degustación de produtos típicos e caseiros, e disfrutamos de música e bailes tradicionais mentres descansamos comendo cos amigos. A OMA agasallou aos asistentes con unha chapa conmemorativa da xornada.



Presentación da exposición de EEI na Praza da Fraga e Roteiro guiado polo Monte.



Música e picnic na Praza da Fraga

2.4.4. Eliminación de especies exóticas invasoras (EEI)

Actividade teórico – práctica a cargo de Paco Bañobre (ADEGA), comezou con unha charla introdutoria sobre a problemática das EEI, a súa identificación e como actuar ante elas. No traballo de campo, achegámonos ao Monte da Fraga onde se actuou sobre a eliminación de herba da pampa, acacia negra e rebrotes de eucalipto.



*Eliminación de
Especies Exóticas
Invasoras (EEI).
Explicación e
traballo de campo.*

3. XESTIÓN DE RESIDUOS

Desde o ano 2010 implantouse na UDC a recollida selectiva e a compostaxe in situ dos residuos orgánicos dos comedores dalgúns dos centros universitarios e dos restos de vexetais procedentes do servizo de xardinería. Obténdose excelentes resultados en canto a calidade do compost e a participación dos diferentes axentes implicados, desde o persoal dos servizos de comedor, até a empresa de xardinería.

Inicialmente creáronse áreas de compostaxe na Facultade de Filoloxía (FF) e na Escola Técnica Superior de Arquitectura (EUAT). Estes proxectos piloto tiveron éxito e polo tanto continuouse coa creación de áreas para a compostaxe: para a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (EUAT) xunto coa Facultade de Ciencias (FCC), para a Facultade de Ciencias da Educación (FCE) e para a Facultade de Ciencias da Saúde (FCS) no Campus de Oza.

No presente curso 2015-16 houbo adaptacións nestas áreas:

- Cambio de lugar da área de FCE, buscóuselle un lugar adaptado e con punto de auga. O bo funcionamento desa nova área propiciou que cara finais de curso se aumentara a súa capacidade sumando un composteiro de 1400L ao previamente instalado.
- Aumento da capacidade da área de FCS, neste curso instalouse un novo composteiro de 1050L.
- Proba de bolsas compostables no comedor de FCC. En primeiro lugar levouse a cabo un estudo das diferentes bolsas dispoñibles no mercado e fíxose a proba con bolsas biodegradables e compostables de 20 L, sendo o resultado non tan bo como cabía esperar, pola súa fragilidade (provocou numerosas roturas antes de introducirse no composteiro), a súa durabilidade (permaneceron cando o compost estaba en maduración), e o seu prezo (falta de orzamento suficiente para isto).



Cada área conta con entre 3 e 4 compostadores, de 320L, 1050 L e 1400 L, segundo necesidades. Estes composteiros permiten atender un volume de ata 20 Kg/día de residuos orgánicos. Son un sistema de baixo custe, tecnoloxía sinxela e gasto de enerxía moi reducido.

A totalidade dos residuos orgánicos xerados nestes centros ao longo do ano, algo máis de 10000 kg, xunto con outros 3000 kg de restos vexetais triturados, foron tratados nestes composteiros.

O proceso implica a distintos axentes:

- Persoal bolseiro da OMA. Encargado do mantemento: mestura da materia orgánica con estruturante e auga, facer control de temperatura e humidade.
- Persoal traballador dos comedores universitarios. Encargado de facer a separación selectiva da materia orgánica e engadila ao composteiro.
- Persoal traballador da empresa de xardinería. Encargado da trituración e subministro de material estruturante procedente das podas do campus para as áreas de compostaxe.

3.1. CURSO DE FORMACIÓN DO PERSOAL BOLSEIRO

Data: 8 e 13 de outubro.

Ao comezo do curso realizouse a formación do persoal bolsreiro encargado da compostaxe, a cargo de Manuel Soto, profesor da área de Enxeñaría Química e director da OMA. O día 8 no campus da Zapateira e o día 13 no de Oza, explicouse o modo de traballo in situ, resolvéronse dúbidas e entregouse o material necesario e un manual de compostaxe editado por ADEGA.



3.2. CURSO DE COMPOSTAXE E CREACIÓN DE HORTA URBANA

Data: 7 de abril.

Co obxectivo de concienciar sobre a necesidade do coidado do medioambiente, de capacitar a comunidade universitaria na xestión dos residuos orgánicos, e tamén de darlle visibilidade ao proxecto de compostaxe que se desenvolve na UDC, organizouse un curso de formación en compostaxe, a cargo de Manuel Soto, profesor da área de Enxeñaría Química e director da OMA, que consistiu nunha xornada teórico – práctica na que se explicou o proceso e posibilidades da compostaxe, se resolveron dúbidas e tamén se visitaron dúas áreas de compostaxe (FF e EUAT-FCC) nas que se fixeron medicións in situ e se observaron as diferentes fases do proceso.





Nesta xornada tamén se iniciou a plantación dunha pequena horta ao carón da área de compostaxe de EUAT-FCC, que foi fertilizada co compost obtido na UDC no curso 2014-15, e na que o persoal de ADEGA repartiu diferentes especies hortícolas e aromáticas para plantar entre os participantes. Ao remate fíxose reparto de compost entre os/as participantes.

3.3. CARACTERIZACIÓN DE RESIDUOS

Datas: 15 e 28 de xuño.

As bolseiras e bolseiros da OMA-Green Campus levaron a cabo a caracterización de residuos en varios centros Green Campus, Enxeñaría de Camiños e Informática, Arquitectura Técnica e Ciencias da Educación, durante o mes de xuño, co obxectivo de facer seguimento da separación en orixe dos residuos.

Consideráronse os residuos depositados nos contedores situados na rúa, de fracción orgánica (contedor verde) e fracción resto (contedor tapa amarela). Non se caracterizaron os contedores específicos de vidro e papel. O traballo consistiu en medir o volume total, pesar e estudar cada bolsa depositada facendo unha inspección visual e fotográfica.

A área de Enxeñaría de Camiños – Informática dispón de 3 contedores de fracción resto (tapa amarela), 2 de eles grandes (1100L) e 1 pequeno (100L), 1 contedor de fracción orgánica (verde) de 100L. Recóllense mesturados os restos da cociña – comedor e do servizo de limpeza das facultades.

A área de EUAT dispón de 2 áreas con contedores: a primeira situada preto da cafetería, dispón de 2 contedores grandes de fracción resto, e non hai contedores de orgánico (verdes) porque están os composteiros. A segunda área, situada preto do aparcamento, dispón de 1 contedor grande de fracción resto e 1 azul (papel e cartón).

Atopouse que na área da cafetería había residuos orgánicos no contedor amarelo, a pesar da área de compostaxe, e non se está a separar correctamente a fracción de papel e cartón.

A área de Ciencias da Educación dispón de 3 contedores grandes (papel, vidro e resto). Neste caso caracterizouse o contido do contedor de fracción resto e de papel, observando unha boa separación no contedor azul, pero tamén atopando papel e cartón no contedor ao lado de fracción resto, onde tamén había residuos orgánicos.

En todas as áreas estudadas a inspección visual determinou que a calidade de separación en orixe é deficiente e que se precisan melloras, sendo

responsabilidade fundamentalmente dos servizos de comedor.

As cantidades por fraccións son aproximacións, como se detalla na seguinte táboa de resultados.

	Enx. Camiños- Informática	Arquitectura Técnica	Ciencias da Educación
Cociña/comedor (kg)	67,1	14,4	5,9
Limpeza (kg)	25,3	6,0	
Doméstico (kg)	1,2		
TOTAL (kg)	93,6	20,4	5,9
Estimacións anuais			
Total anual (kg)	18720	4074	2674
Servizo limpeza (%)	27,1	29,5	
Comedores (%)	71,7	70,5	100
Orgánico (%)	47,8	47,0	66,7
Envases e embalaxes (%)	52,2	53,0	33,3
Orgánico (kg/d)	44,7	9,6	8,9

^a considerando 40 semanas anuais, sen produción na fin de semana

^b considerando promedio de orgánico 2/3 do total

4. MOBILIDADE SUSTENTABLE

A UDC conta desde o ano 2010 co Plan de mobilidade e espazo público, grazas ao que se converte nun exemplo de desenvolvemento de campus universitario sustentable. Os beneficios para a UDC son sociais, culturais e económicos.

Neste plan favorécese ao peón, seguido dos medios de transporte non motorizados e o transporte público e, en último termo, o vehículo privado. A UDC é consciente da necesidade de incorporar a ética da sustentabilidade a toda a súa actividade, e pretende fomentar entre todos os seus membros a responsabilidade da conservación e mellora do medioambiente.

4.1. SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS

Incluído no Plan de mobilidade sustentable da UDC, a OMA ofrece un servizo de préstamo de bicicletas a disposición do persoal da UDC, tanto a estudantes como a persoal PDI e PAS, grazas ás que as persoas interesadas se poden desprazar ao campus universitario. A tempada de préstamo é o curso académico, de setembro a xuño. No presente curso 2015-16 a entrega de bicicletas

ascendeu a 100 aproximadamente, xunto coas que se entregou un cadeado e un casco.

Toda a información sobre este servizo pode atoparse na páxina web da OMA-UDC e na seguinte ligazón: www.udc.es/sociedade/medio_ambiente/bicis/

4.2. CURSO SOBRE ERGONOMÍA E MANTEMENTO DA BICICLETA

Data: 7 de outubro.

A cargo da Asociación Mobi-liza, unha asociación galega para a mobilidade sostible, creada co propósito de defender os intereses dos peóns, as persoas ciclousuarias e as que usan o transporte público. Os/as usuarios/as das bicicletas entregadas pola OMA, puideron asistir a este obradoiro no que se amosou o mantemento básico, se deron técnicas de ergonomía e se resolveron diversas dúbidas.

Nesta xornada tamén se deron indicacións de como circular por cidade e levouse á práctica facendo o percorrido dun roteiro seguro desde a universidade ao centro da Coruña.

4.3. OBRADOIRO DE USO DA BICI NA CIDADE.

Data: 1 de decembro.

De novo a cargo da Asociación Mobi-Liza, esta vez incluíndo esta actividade dentro da programación das VI Xornadas de Sustentabilidade no Nadal, na Facultade de Socioloxía e CC. da Comunicación, xuntáronse media ducia de bicicletas sobre as que se explicou o seu mantemento básico, se aprendeu a facerlles reparacións, e como manexalas de xeito correcto, e tamén se repartiron trípticos informativos coas normas de seguridade editados por Mobi-Liza.



5. CAMPAÑAS DE AFORRO

5.1. CAMPAÑA DE AFORRO DE AUGA

A través desta campaña, búscase promover a conciencia ecolóxica e de aforro dun recurso fundamental e básico como é a auga. Deste xeito preténdese reducir o consumo de auga nas instalacións e actividades universitarias, así como a transmisión dunha mensaxe que leve ao coidado deste prezado ben en tódolos ámbitos da vida.

Durante este curso continuouse a actualizar as medidas de aforro nos centros Green-Campus:

- Na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (EUAT) e na Escola Técnica Superior de Arquitectura (ETSA) a actuación levada a cabo foi a instalación dun sistema de redución de caudal nas billas, neste caso foron perlizadores eficientes seleccionados entre diferentes modelos dispoñibles no mercado.

Colocáronse en total 24 perlizadores, repartidos na planta soto e primeira da EUAT e do edificio de departamentos da ETSA. Estes perlizadores

permiten ter un consumo de auga de 1,9 litros por minuto, fronte aos 8,6 L/min que se consumían anteriormente. Acádase así unha redución do 78% no gasto de auga nos lavabos.

- Na Facultade de Terapia Ocupacional e no Pavillón Modernista instaláronse tamén perlizadores eficientes, ademais de billas con pulsador limitador de caudal e de cisternas de dobre descarga. Colocáronse 3 perlizadores, un deles con consumo de 4,5L/min e os outros con 1,7L/min, aforrando estes o 67,3%.

Instaláronse 8 billas en substitución de antigas billas monomando, pasando de 6,4 L/min a 1,7 L/min, acadando o aforro do 73,4%. Instaláronse 9 cisternas con mecanismo de dobre descarga en substitución do actual mecanismo de descarga única, estimándose a redución de auga no 50%.

5.2. CAMPAÑA DE AFORRO DE ENERXÍA

Durante este curso estudouse un novo deseño de material divulgativo para colar nos lugares públicos das facultades, incentivando o aforro de enerxía, mediante vinilos recordatorios coas seguintes frases:

- “AFFORRO DE ENERXÍA O que fas ti importa moito”
- “AFFORRO DE ENERXÍA Responsabilidade compartida”
- “AFFORRO DE ENERXÍA A importancia dun xesto”

Ao peche deste informe, a elaboración do material estaba pendente de terminar.

5.3. CAMPAÑA DE AFORRO DE PAPEL

Dentro da Campaña para promover o uso do papel reciclado na UDC, o grupo de bolseiras/os da OMA encargouse de facer actividades continuadas durante o curso, entre elas:

- Renovación dos cartaces situados nos servizos de reprografía dos campus de Elviña e A Zapateira e nos taboleiros das facultades, que nos recordan cales son as vantaxes do papel reciclado. A imaxe escollida foi a mesma do

curso 2014-15 para darlle continuidade á campaña.

- Renovación de caixas "2 caras 2 usos" e instalación en novos lugares. Dado o bo funcionamento desta iniciativa comezada cursos atrás, ao longo do presente curso foron repoñéndose caixas e aumentando puntos de recollida. O obxectivo de esta iniciativa é ter dispoñibilidade de papel sen usar por unha cara en lugares que pode ser útil: salas de estudo, de informática... O persoal da UDC pode depositar nestas caixas os folios usados só por unha cara, en vez de tiralos, de forma que outras persoas tamén da UDC o poidan usar, por exemplo, para facer anotacións, esquemas de estudo ou apuntamentos. Cando os folios xa estean gastados polas dúas caras, é o momento no que xa se poderán depositar no contedor azul.



- Obradoiro de elaboración de cadernos "2 caras 2 usos"

Data: 17 de novembro.

A actividade realizouse entre as persoas bolsseiras da OMA no edificio Xoana Capdevielle. Dándolle un segundo uso a cara baleira do papel xa usado, búscase o obxectivo de acadar unha concienciación de compromiso cos tres R: reducir, reutilizar e reciclar. Elaboráronse libretas a partir de folios usados por unha soa cara, encadernados en traballos que foron cedidos polo departamento de Construcións arquitectónicas de EUAT. Estes cadernos leváronse ás mesas de divulgación e outros postos que a OMA foi montando ao longo do curso, para repartir entre os asistentes e promocionar así a campaña de aforro de papel na UDC.



- Mesas de divulgación polas facultades dos campus de Elviña e A zapateira. Durante os luns do mes de marzo montáronse mesas informativas para divulgar as campañas e aforro da OMA polas distintas facultades dos campus de Elviña e A Zapateira, nas que se repartiron libretas "2 caras 2 usos" e tamén se puideron elaborar *in situ*, se repartiron trípticos e material de elaboración propia da OMA (chapas, pousa-vasos...), e se informou persoalmente das vantaxes do aforro de papel, auga e enerxía, e as actuacións que se están a levar a cabo na UDC.



- Posto para elaboración de cadernos "2 caras 2 usos" na VI Xornada de Sustentabilidade no Nadal. Tamén nesta xornada se contou con información sobre as campañas de aforro de papel, auga e enerxía, e se levou o material necesario para elaborar libretas 2 caras 2 usos entre os visitantes á Xornada.

6. PROXECTO RÍOS

Proxecto Ríos é unha iniciativa de concienciación, educación e participación cidadá en defensa dos nosos ríos. Fundaméntase na realización de inspeccións do estado dos ríos galegos por parte de grupos voluntarios, co obxectivo final de facerse responsábeis da vixilancia (adopción) do río que pasa polo seu municipio ou localidade. ADEGA é a asociación coordinadora de este proxecto en Galiza, que dúas veces ao ano (inspección de outono e primavera) facilita os materiais e titoriza a inspección do grupo da OMA, que inclúe tamén persoas voluntarias en cada convocatoria. Os resultados das inspeccións inclúense nunha base de datos a partir da cal se elabora un informe anual sobre a saúde dos ríos galegos. Este informe, e tamén outra información relacionada, atópase publicado na páxina web de Proxecto Ríos (www.proxectorios.org).

7. ACTIVIDADES DO CURSO 2015-16

7.1. EXPOSICIÓN ITINERANTE “A PEGADA ECOLÓXICA E MOBILIDADE”

A exposición “Pegada Ecolóxica e Mobilidade” foi realizada pola Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA) a partir do informe da “Pegada e débeda ecolóxica. Situación en Galiza. 2007”, elaborado pola Federación Ecoloxista Galega (FEG), e do estudo sobre a pegada ecolóxica na UDC elaborado por esta Universidade, e financiado pola UDC e a Xunta de Galicia. Consta de 16 paneis que achegan información á comunidade universitaria sobre os seguintes temas, entre outros:

- A Crise Ambiental.
- Que é a Pegada Ecolóxica.
- Cálculo da túa pegada ecolóxica.
- A Pegada Ecolóxica no Mundo, en Galiza e na UDC.
- Solucións en Galiza: Que se pode facer a nivel estrutural? Que podemos facer nos?

Esta exposición foi recorrendo diferentes centros da UDC durante o curso 2015-16, co calendario mostrado a continuación:

- Facultade de Socioloxía: do 1 ao 20 de decembro.
- Facultade de Informática: do 25 de febreiro ata o 18 de marzo.
- Facultade de Ciencias da Saúde: do 4 ata o 22 de abril.
- Edificio Universitario de Oza: do 29 de abril ata o 9 de maio.
- ET\$ Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos: do 11 de maio ata o 16 de xuño.



7.2. ENQUISA SOBRE O IMPACTO AMBIENTAL NA UDC

Como se viu no apartado anterior, a pesar de recoller datos do ano 2007, hai moitos conceptos que seguen a ser actuais e por iso segue en itinerancia polas distintas facultades da UDC a Exposición da Pegada Ecolóxica e Mobilidade da UDC.

Considerouse interesante actualizar estes datos, polo que se elaborou unha enquisa completa sobre o impacto ambiental na UDC. Esta enquisa ten por obxecto avaliar a evolución das pautas de mobilidade da comunidade universitaria e obter outros datos necesarios (consumo de papel, etc) para o cálculo da pegada ecolóxica, obxectivos previstos no actual Plan Estratéxico da UDC.

O modo de participación foi mediante a cumprimentación dun formulario on-line, facilitando os datos de forma anónima, polo alumnado e tamén polo persoal PDI e PAS, en horarios de aulas, contabilizando grupos de alumnado completos, de distintas idades e de distintas especialidades de estudos. O formulario estivo aberto entre o 20 de abril e o 13 de maio de 2016.

Como resultado acadouse a participación de 500 persoas da comunidade universitaria, á espera da

avaliación e publicación dos resultados para comezos do seguinte curso 2016-2017.

7.3. ENCONTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL CON MAR DE MARES

Data: 28 de novembro.

Neste encontro a OMA participou como entidade invitada pola iniciativa Mar de Mares, que organizou no 2015 a segunda edición dun festival con actividades que xiran arredor do mundo mariño, co obxectivo de concienciar as institucións, empresas e cidadanía da necesidade de protexer o hábitat mariño para garantir a súa sustentabilidade.

Na xornada compartimos experiencias e coñecemos as iniciativas sobre educación ambiental mariña que están a desenvolver o CEIDA, Voz Natura, CEMMA, Verdegaiá, Fontaíña, Senda Nova, IES Illa da Arousa e a Universidade de Vigo.

7.4. VI XORNADA DE SUSTENTABILIDADE NO NADAL

Data: 1 de decembro.

Esta xornada celebrouse na Facultade de Socioloxía e CC. da Comunicación, co obxectivo de promover un consumo consciente e responsable no Nadal entre a comunidade universitaria. Coas actividades organizadas, preténdese amosar ao profesorado e alumnado unha forma diferente de consumir, propoñendo diversos produtos artesanais e coñecendo os obxectivos e proxectos de diferentes asociacións ambientalistas.

Durante a xornada contamos coa participación de unha ducia de entidades: Arquitectura sen fronteiras, Mar de mares, Grupo naturalista Hábitat, CEIDA, Equus Zebra, Mobilízate pola selva, Enxeñería Sen Fronteiras, Mulleres colleiteiras, Espiga, Mobi-Liza, Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC e ADEGA.

Fixéronse obradoiros a cargo do persoal da OMA e de ADEGA, en quendas de mañá e tarde, con temáticas de reciclaxe e cosmética natural para facer agasallos non consumistas nas datas de Nadal. Así mesmo, en xornada de tarde tamén contamos co obradoiro de *Uso da bici na cidade*, a cargo da asociación Mobi-Liza, e contamos

coa exposición da Pegada Ecolóxica, que quedou montada na facultade de Socioloxía para visita libre ata o 20 de decembro.



Ademais durante toda a xornada contamos con:

- Obradoiro de libretas “2 caras 2 usos”, impartido polo persoal da OMA, que ten o obxectivo de diminuír o consumo de papel e aproveitalo polas dúas caras.
- Mercadiño de troco de libros, roupa e accesorios no posto da OMA.

- Punto de recollida de xoguetes e roupa, a mans de Equus Zebra.
- Punto de recollida de móbiles, no posto de por Mobilízate pola selva.
- Punto de recollida de aceite usado, polo colectivo de Mulleres Colleiteiras.



Nesta xornada tamén tivemos ocasión de ver a proxección do documental Fíos Fora, presentado por persoal de Amarante, que recolle a historia do sector téxtil en Galiza dende os anos 70 ata a actualidade mediante as testemuñas de persoas que o viviron e viven en primeira persoa.



7.5. AVES E VIDROS. UNHA VISIÓN LOCAL DUN PROBLEMA GLOBAL

Data: 3 de febreiro.



Coa finalidade de sinalizar as vidreiras onde se atopa maior mortalidade de aves nos campus de Elviña e A Zapateira, a OMA en colaboración con ADEGA, Hábitat e SEO, organizou esta actividade teórico – práctica na que os ornitólogos Cosme Damián Romay e Gustavo Ferreiro nos expuxeron a problemática das construcións modernas e da contaminación lumínica, que afectan na mortalidade das aves por colisión directa, e tamén cambiando a súa orientación e, polo tanto, migración.

Unha das medidas correctivas son a instalación de adhesivos nas vidreiras, medida que se adoptou desde a

OMA para atallar este problema en algúns puntos conflictivos da UDC.

Neste primeiro obradoiro de elaboración e pegada de siluetas escolleuse a zona peonil da facultade de Filoloxía, pois debido ao efecto túnel que se produce é un dos lugares máis conflictivos do campus. Nos seguintes obradoiros realizados (xa de organización interna do persoal bolseiro da OMA), elaboráronse siluetas para a planta baixa da Facultade de Filoloxía, o novo anexo de EUAT, e o departamento colindante a Reprografía Noroeste (estes últimos pendentes de facer a pegada).



7.6. XORNADA DE BIOCONSTRUCCIÓN

Datas: 2 e 16 de marzo.



Nesta actividade a OMA organizou dúas quendas de visita debido ao alto número de persoas inscritas, en total houbo 55 participantes. Nesta xornada visitáronse construcións feitas con criterios de bioconstrución que se atopan no campus de Elviña e arredores, as escollidas foron o Módulo experimental Biovalvo e módulo de mobiliario urbano BanCob, ambos na UDC, e módulo bioclimático A Vieira, no CIFP de Somoza.

A visita ao módulo Biovalvo foi a cargo de Belén González e Carolina Martínez (Grupo GCons-UDC), que explicaron como foi a construción do módulo

empregando cunchas de mexillón (residuo moi abundante en Galiza) e os problemas que atoparon, os tratamentos e probas previas para poder empregalos. Tivemos ocasión de ver o vídeo da construción, de ter nas nosas mans os materiais de construción, e comprobar o acolledora que resulta a estancia.



A seguinte visita foi ao Módulo de mobiliario urbano BanCob, a cargo de Víctor González (Asociación ESPIGA), que explicou en que consiste a técnica de COB, como xurdiu a idea da realización do banco e como se levou a cabo mediante obradoiros, e como se solucionaron as problemáticas que foron atopando durante a realización, e que finalmente deron un estupendo e útil resultado.

A terceira visita da xornada foi ao Módulo bioclimático experimental A Vieira, a cargo de Juan Bello, quen presentou a construción realizada con balas de palla, recubrimentos de barro e cuberta axardinada. Puidemos ver os datos dos sensores de humidade e temperatura rexistrados, para darnos conta do bo comportamento climático desta construción experimental.



7.7. CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE ALIMENTOS

Data: 11 – 22 de abril.

Segundo a publicación dun estudo do 2016 do Instituto Galego de Estatística, o 47% dos fogares galegos chega con dificultade económica a fin de mes e un 7% con moita dificultade. Para contribuír ao decrecemento desta situación, a OCV e o Banco de Alimentos Rías Altas, en colaboración coa OMA levaron a cabo esta campaña solidaria de recollida de alimentos para as persoas máis desfavorecidas da provincia da Coruña.

Dispuxéronse caixas de recollida de produtos como legumes, arroz, aceite, cacao, conservas, café, etc., nos campus da UDC na Coruña e en Ferrol.

Esta iniciativa pretende fomentar a sensibilización da comunidade universitaria nestes momentos de dificultade, non só buscando a solidariedade entre o estudantado, senón tamén facéndolles botar unha ollada crítica sobre a situación actual da nosa sociedade, onde cada vez existen máis persoas ao noso redor que teñen serias dificultades para sobrelevar o día a día.

7.8. EXPOSICIÓN SOBRE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS (EEI)

Datas: do 28 de abril ao 12 de maio.

A exposición sobre EEI elaborada polo grupo de Bioloxía Costeira da UDC (BIOCOST-UDC) que se presentou durante a celebración do 10 Aniversario do Monte da Fraga, estivo exposta na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica desde o 28 de abril até o 12 de maio. Quen non tivo ocasión de achegarse á xornada do día 28 na Praza da Fraga, puido facer a visita libre durante estas dúas semanas na EUAT.



7.9. OBRADOIRO DE CONSTRUCCIÓN DUN FORNO SOLAR

Data: 13 de abril.

O obradoiro de construción de fornos solares con caixas de cartón foi impartido por Juan Bello, experto en cociña solar e profesor de edificación e obra civil do CIFP de Someso. O obxectivo desta actividade foi aprender sobre as posibilidades da enerxía solar e adquirir destrezas para construír este aparello co fin de aforrar enerxía, e co obxectivo último de experimentar con el no IV Encontro Solar, onde se cociña cos fornos que construímos.

O custo medio dun forno solar é de 4€ e a temperatura que pode acadar é de 150°, dependendo da cantidade de illamento que se lle poña.

As instrucións de construción poden atoparse nas seguintes ligazóns:

Revista CERNA:

www.adega.gal/media/documentos/41-42.pdf

CIFP de Someso:

www.edu.xunta.es/centros/cifpsomeso/node/770

7.10. VI ENCONTRO SOLAR DA UDC

Data: 4 de maio.

MÉRCORES
13 DE ABRIL 2016
ÁS 15:30h NO LERD
OBRADOIRO

**CONSTRUCCIÓN
DUN FORNO SOLAR**

CREACIÓN DE
FORNOS PARA O EN-
CONTRO SOLAR 2016
QUE TERÁ LUGAR O
VINDEIRO 20 DE
ABRIL (en función da
meteoroloxía)

Será necesario que cada participante traia
unha caixa de cartón.
O obradoiro estará impartido por Juan Bello,
profesor do departamento de edificación e
obra civil do CTFP de Someso.

PRAZAS LIMITADAS
INSCRÍBETE EN oma3@udc.es
Oficina de Medio Ambiente UDC
@OMA_UDC
medioambiente.udc.blogspot.com

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
VICERRECTORÍA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E INFRAESTRUTURAS

IV Encontro Solar na UDC
!!! Nova data !!! 4 de Maio 10:00 - 16:30*
Diante do edificio Xoana Capdevielle.

10:00 Montaxe dos fornos, circuíos e aparellos dos apartados anteriores.
10:30 Degustación solar tradicional. Visita guiada á cuberta do CTFP.
14:00 Taller colectivo e degustación da comida solar.

* Actividade en función da meteoroloxía.

Insíscribete no teu blog: medioambiente.udc.blogspot.com.es
Cada unha das inscricións dá 1 T de Maio!

CIFFP
Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
VICERRECTORÍA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E INFRAESTRUTURAS



A finalidade da actividade é divulgar as vantaxes e a facilidade de aproveitamento da enerxía solar. Nesta xornada, promovida pola Oficina de Medio Ambiente e organizada pola Asociación Ecoloxista ADEGA e o CTFP Someso, aprendemos e experimentamos distintas aplicacións para aproveitar a enerxía solar, limpa e inesgotábel, desde cociña solar, visita a instalación de placas fotovoltaicas, proba de aparellos solares como

lanternas, cargadores de móbiles, secadoiros de roupa, duchas...

Nesta IV edición do encontro tamén puidemos escoitar música proporcionada por un *pinchadiscos solar*, traballo realizado polos alumnos da escola de Imaxe e Son de Somo, e a electricidade fotovoltaica foi subministrada polos alumnos e profesores de Enerxía e Auga do IES Universidade Laboral de Culleredo.

A visita á cuberta do edificio CITIC foi guiada por J.M. Giz, Técnico Superior de mantementos da UDC, quen nos explicou o funcionamento e das placas solares fotovoltaicas do edificio e as súas vantaxes.

Este ano chegouse a reunir unhas 70 cociñas e fornos solares e cociñáronse ata 50 receitas diferentes, que tivemos ocasión de probar nunha degustación colectiva.

Algunhas receitas foron: cuscús, pizza, peixe, carne, ovos, champiñóns recheos, verduras variadas ... e sobremesas como biscoito, mazás asadas e palmeiriñas con chocolate. Tamén se fixo pan, e infusións durante toda a mañá.

Durante toda a xornada elaborouse un *time lapse* que se pode visitar na seguinte ligazón:

www.youtube.com/watch?v=ISvnxLqHXeg



sobre o lixo e a limpeza das praias da cidade despois da noite de San Xoán.



7.11. COLABORACIÓN COA CAMPAÑA MÓLLATE! POR UN SAN XOAN SUSTENTABLE

Data: mes de xuño.

Móllate! é unha iniciativa de concienciación ambiental liderada pola mocidade para acadar unha festa de San Xoán máis sustentable, combatendo a acumulación de residuos producidos. O apoio da OMA consistiu en varias actuacións:

- Asistencia desde a dirección da OMA á xornada de presentación da campaña no Concello de A Coruña, xunto cos IES Menéndez Pidal, Urbano Lugrís, Eusebio da Guarda, o CIFP Ánxel Casal, e a Facultade de Educación Social da UDC.
- Difusión das actividades nos medios dos que dispón a OMA (Facebook, Twitter e Blog): material audiovisual, cartelería, acción de adhesión fotográfica, entre outras.
- Acoller a Exposición Fotográfica itinerante Móllate! durante os días 6 e 7 de xuño no Edificio Xoana Capdevielle. Exposición elaborada polo reporteiro gráfico Mero Barral,



8. AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES.

OMA NA PRENSA.

Todas as actividades que se organizaron ao longo do presente curso académico 2015-16 tiveron un alto grao de aceptación, que avaliamos en enquisas repartidas ao remate das actividades. O resultado das enquisas é o que se amosa a continuación:

ACTIVIDADE	Como se enteraron?	Valoración conxunta da actividade (1 → 6: óptimo)
Forno solar	Correo-e UDC	6
Bioconstrución	Correo-e UDC	5
Aves e vidros	Correo-e UDC	6
Poda	Correo-e UDC	5
Compostaxe	Correo-e UDC	5
Eliminación	Correo-e UDC	5
Proxecto ríos	Correo-e UDC	5

Para obter estes resultados entregamos unhas enquisas ós participantes das distintas actividades. As preguntas realizadas eran as seguintes:

- Calidade da información
- Tempo da divulgación da actividade
- Valoración dos portais vía internet
- Coñecementos impartidos no obradoiro
- Calidade de ensino da persoa que o imparte
- Organización
- Planeamento /metodoloxía
- Obxectivos acadados
- Lugar e data de realización, tempo dedicado
- Resultados esperados


O método para obter unha valoración global analizamos cal foi a puntuación máis repetida para cada cuestión e posteriormente calculamos a media.

Tamén, desde a OMA consideramos que outros indicadores do éxito poden ser:

- Completar todas as prazas ofertadas na maior parte actividades, incluso con necesidade de repetir segundas edicións, como foi o caso da


xornada de bioconstrución, quedando incluso despois unha longa listaxe de espera.

- o Consegir atraer a xente que repite en varias ocasións participando nas actividades. O total de persoas participantes en actividades con inscrición previa foi de 183. Como se recolle na seguinte gráfica, o groso das participantes foi a unha soa actividade, pero tamén se mantivo un público estable de máis de 30 persoas que participou en 2 ou máis actividades.



O seguinte gráfico ilustra a distribución das persoas participantes entre os distintos obradoiros. Aínda que en todos eles repetiron persoas que xa participaran noutro obradoiro, o 63% das persoas só participaron nunha actividade, o que indica que as persoas participantes elixen fundamentalmente por razóns de interese sectorial,

e non tanto pola participación en cuestións xerais de medio ambiente.



Todo isto animámonos a seguir traballando e sensibilizando a comunidade universitaria para o coidado do medioambiente. Ambientalizar o noso campus é unha tarefa reconfortante e da que cada día máis xente toma conciencia e participa.

A OMA tamén tivo ocasión durante o curso 2015-16 de divulgar as súas **actividades na prensa** escrita e tamén na radio e televisión. Algúns exemplos son os seguintes:




IV Encontro Solar e Construción de un forno solar



Hortas da UDC.



Programa de préstamo de bicicletas.

Green
Campus

Campaña Móllate por un San Xoán sustentable

9. VOLUNTARIADO AMBIENTAL

Desde o presente curso púxose en marcha un acordo de colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da UDC, grazas ao que xa podemos contar con persoal voluntario da OMA de modo continuado, máis aló da participación en actividades puntuais como se viña facendo ata o momento.

O programa de voluntariado ambiental, pódese consultar na seguinte ligazón:

www.udc.es/sociedade/medio_ambiente/voluntariado/

e inclúe tanto as actividades puntuais como continuadas. Algunhas destas actividades forman parte de campañas e proxectos ambientais de ámbito galego e mesmo internacional, como son o Proxecto Ríos e Charcas con vida.

Algunhas destas actividades son organizadas polo persoal bolseiro da OMA e programadas ao longo de cada curso académico. Inclúen información e formación específica, e posta en práctica das metodoloxías aprendidas, con saídas en pequenos grupos, e cunha duración entre 2,5 e 4 horas.

Así mesmo, o programa de voluntariado ambiental tamén contempla a posibilidade de participar en actividades continuadas durante o curso académico, entre elas a participación na xestión de residuos (compostaxe, seguimento e caracterización de residuos dos centros), no estudo e mellora da biodiversidade (variedade de actividades no Monte da Fraga), ou de horta urbana. Tamén é posible presentar un proxecto de voluntariado ambiental para levar a cabo nos Campus da UDC.

10. GREEN CAMPUS



Desde que no ano 2014 a Universidade da Coruña (UDC) asinou un convenio de colaboración coa Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (ADEAC), como membro da internacional Foundation for Environmental Education (FEE) para a implantación dos procedementos de xestión ecolóxica baixo a bandeira verde GreenCampus, xa son 6 os centros participantes: Escola Técnica Superior de Arquitectura, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica, Facultade de Ciencias, Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Ciencias da Saúde e coa incorporación durante este curso de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos.

Tamén neste curso foi concedida a bandeira verde á Facultade de Ciencias da Saúde e á Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. Esta bandeira converte á UDC, xunto coa de Vigo, nas primeiras universidades españolas galardoadas con Bandeira Verde, que foi concedida mediante xurado por unanimidade, despois de examinar a documentación achegada pola UDC e de visitar as súas instalacións.



O Green Campus é un programa que recolle as actuacións universitarias en materia de promoción e preservación do medio ambiente. Para o vindeiro curso está prevista a incorporación ao mesmo de tres centros novos: a Facultade de Filoloxía, a Facultade de Fisioterapia e o a Universidade Senior-Normal.

A maioría das actividades desenvolvidas polo persoal bolseiro e reflectidas nesta memoria gardaron relación con Green Campus. Así, máis do 60% das persoas participantes nestas actividades procederon dalgún dos centros da UDC acollidos a este programa.

Máis información:

www.udc.es/sociedade/medio_ambiente/GreenCampus

www.adeac.es

Os informes Green Campus das facultades da UDC participantes poden consultarse nas seguintes ligazóns, onde se recollen todas as actuacións levadas a cabo desde o ano 2014 e as actualizacións deste presente curso 2015-16:

Informe Ciencias da Saúde:

www.fcs.udc.gal/p/green-campus.html

Informe Ciencias da Educación:

www.educacion.udc.es/index.php?langeduca=gal&pagina=green-campus

Informe Escola Técnica Superior de Arquitectura:

www.etsa.udc.es/web/?cat=180

Informe Escola Universitaria de Arquitectura Técnica:

www.euat.udc.es/es/info/sostenibilidad-y-medioambiente